

Asunto email: Elvi Balboa estrea ANÖA no TRC Danza da Coruña

O 19 de abril do 2024 as 20:30 o Teatro Rosalía da Coruña a través do programa TRC Danza acolle a estrea do novo espectáculo de Elvi Balboa, compañía galega residente en Barcelona.

## O espectáculo

A coreógrafa e creadora galega explica ANÖA:

*ANÖA contépláse como un ritual que ten a vontade de mostrar a máscara que nos impoñemos, a vulnerabilidade de cinco corpos en movemento que anhelan chegar ao clímax. Un espectáculo de danza pensado como un acto de insistencia e resistencia, unha acumulación de enerxía sensual, movemento e voz para acadar unha liberación catártica.*

Esta viaxe coreográfica desenvólvese en tres fases: o corpo premonitorio, o corpo climático e o corpo liberado. Unha catarse física, unha experiencia emocional e sensorial na que cada intérprete transita polos tres corpos e intenta descubrir o seu eu máis íntimo.

A obra non utiliza soamente o movemento para comunicar a viaxe que plantea aos espectadores, tamén recorre á importancia da voz e a un elemento ficticio, as jumping boots, que actúan como disrupción da viaxe climática.

As botas evocan a noción da "modernidade líquida" de Zigmund Bauman. A súa estética lévanos visualmente cara o tecnolóxico e supoñen unha limitación física que nos permite investigar o que nos frea e nos bloquea, indagando así na carga psicolóxica e a necesidade de liberación a través da linguaxe do movemento.

*A necesidade do movemento traduciuse na procura de estabilidade nun mundo volátil. Unha forma de resistencia persoal nun entorno líquido e cambiante.*

## A equipa

**Dirección** Elvi Balboa / **Intérpretes** Marina Capel, Berta Pascual, Joel Pradas, Joan Aguilà e Lucía Bocanegra / **Coreografía** / Elvi Balboa en colaboración con los intérpretes / **Espazo sonoro** Mourae / **Iluminación** Andrés Galián / **Vestuario** Elvi Balboa / **Acompañamento** Raquel Klein / **Coprodución** Centro Coreográfico Galego- Xunta de Galicia / **Coa colaboración** Centro Coreográfico Canal, Compañía residente / **Co apoio** Nau Ivanow, Sala Apolo Barcelona, Auditori de San Martí, Estruch Fábrica de creación de les arts en Viu, Eva gris Dansa e Trackdance / **Distribución** AMARELO/ **Duración** 60 min

## Elvi Balboa

A proposta artística de Elvi Balboa céntrase en vehicular a mensaxe da súa propia experiencia a través do corpo e a de todos os corpos que desexan “ser vistos” como individuos, recoñecerse e ser recoñecidos máis aló da comunidade á que pertencen. É pois, a través da linguaxe da danza, onde atopa a estratexia para dar forma á necesidade de compartir, comprender e cuestionar o mundo no que habita.

O corpo dotáanos dun sentido de pertenza, inclusión e migración. O corpo é algo que non escollemos e cuxo potencial comunicativo permite, a través do proceso creativo, cuestionar e cuestionarme ¿quen son ?

Elvi Balboa comeza a súa formación en danza no Conservatorio profesional de Granada aos 28 anos. Como intérprete participa no Proxecto Euro-Mediterráneo «Shapers», da compañía francesa Ex-Nihilo, coa que xirou por 7 países.

**AM I WHAT?** o seu primeiro proxecto como directora, participou no Certame Internacional de Burgos-New York e foi seleccionada para o Certame Coreográfico de Sabadell, o festival Mais Imaginarius, o Festival de Artes Vivas de Valencia e durante o 2020 e 2021 xirou en festivais como as festas da Mercè en Barcelona, Natal a plaza Cataluña e o festival C en Santiago de Compostela.

**AM I WHAT?** foi nominada a mellor espectáculo de rúa polos Premios Pad da asociación Andaluza de profesionais da Danza e formou parte da Red a Cielo Abierto, onde puido mostrar o seu traballo en festivais como: Trayectos (Zaragoza), Fam (Tenerife), Sismograf (Olot), Figueres es Mou (Figueres), Palmadansa (Mallorca), Tac (Valladolid). Sumando así unhas 25 representacións en toda España.

En 2023 xa graduada polo Institut del Teatre en Coreografía, desenvolva o proxecto **KNIFELIKE** xunto con Ignacio Jiménez, seleccionado nas Residencias Paraíso. Tamén **NASENDA** un dúo de danza para espazos singulares que foi premiado no Certamen Coreográfico de Tetuán no 2023.

Seu proxecto máis recente ANÖA, unha peza de larga duración para sala, é coproducida polo Centro Coreográfico Galego e é compañía residente do Centro Coreográfico Canal.

[Entradas Rosalía](#)

[www.elvibalboa.com](http://www.elvibalboa.com)

[elvibalboacia@gmail.com](mailto:elvibalboacia@gmail.com)

Elvi Balboa: 670324463